



Solicitud de ALTA no Servizo de Atención á Infancia para a Conciliación da Vida Laboral, Familiar e Persoal (Modelo A)

1. Datos de identidade da persoa solicitante responsabel do/a menor:

Apelidos		
Nome		
D.N.I. N.I.E.	Relación co/coa menor: ☐ Pai/nai ☐ Representante legal do/a menor ☐ Titor/a	
Enderezo	C.P.	
Tlf. domicilio	Tlf. móbil 1	Tlf. móbil 2

--

2. Datos da unidade familiar (familiares que convivan coa persoa solicitante):

Nome e apelidos	Parentesco	Data nacemento

3. Motivación/s que da/n orixe á alta no Servizo

4. Documentación que se achega:

☐ Fotocopia do D.N.I. /N.I.E. da persoa solicitante responsábel da/o menor
☐ Documentación que acredite a relación da persoa solicitante coa/o menor: ☐ Fotocopia do libro de familia ☐ Resolución xudicial ou administrativa

A/o solicitante **DECLARA** que os datos arriba mencionados son certos, e **SOLICITA** a ALTA no Servizo de Atención a Infancia para a Conciliación da Vida Laboral, Familiar e Persoal (art. 12 da ordenanza publicada no BOP da Coruña nº 44 de data 23/02/09)

De conformidade co establecido no artigo 5 da LO 15/1999, infórmase que os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte dun ficheiro cuxo responsábel de tratamento será o Concello da Coruña, e cuxa finalidade será a xestión do Servizo de Atención á Infancia para a Conciliación da Vida Laboral, Familiar e Persoal.
Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro, poderánse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da A Coruña (Plza. María Pita, 1), nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da citada LO 15/1999.

Nº Exp.

A Coruña _____ de _____ de _____

A cubrir pola Administración

Sinatura

O SERVIZO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

O **Servizo de Atención á Infancia para a Conciliación da Vida Laboral, Familiar e Persoal** (*Canguros Municipais*), é un servizo especializado no coidado e atención dos/as menores das unidades familiares que desenvolven a súa actividade profesional e/ou formativa na cidade da Coruña, para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal. Este servizo está regulado pola correspondente Ordenanza municipal, publicada no BOP nº 44 do 23/02/2009.

Este servizo contempla as seguintes **modalidades**:

1) ESPAZOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DE CARÁCTER COLECTIVO (E.A.I.):

Esta modalidade do servizo proporciona acollimento e desenvolvemento de actividades lúdico-educativas a grupos de menores de idades comprendidas entre os catro e doce anos (artigo 8 da Ordenanza).

2) ATENCIÓN Á INFANCIA A DOMICILIO:

Esta modalidade do servizo dá resposta no propio domicilio a necesidades de carácter extraordinario e proporciona coidados e atencións lúdico-educativas a menores de idades comprendidas entre os catro meses e os doce anos (artigo 10 da Ordenanza).

3) LUDOTECAS:

Esta modalidade do servizo está dirixida á poboación infantil de idades comprendidas entre os catro e doce anos, favorecendo o seu desenvolvemento persoal, social, afectivo e cognitivo, a través de xogos e xoguetes (artigo 9 da Ordenanza). As ludotecas atópanse reguladas polo Decreto 354/2003, do 16 de setembro, publicado no DOG nº 187 do 26/09/2003.

Segundo a disposición transitoria da Ordenanza do servizo, a posta en marcha de cada unha das modalidades do servizo realizarase en función da dispoñibilidade dos recursos materiais e persoais necesarios para a súa axeitada realización.

REQUISITOS XERAIS PARA ACCEDER AO SERVIZO:

Para acceder a este servizo deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Precisar medidas de conciliación da vida persoal, laboral e familiar no municipio da Coruña. Enténdese que concorren estas necesidades no término municipal: Para solicitar o servizo de atención a domicilio, cando o responsable do/da menor ou o/a menor estean empadroados no municipio da Coruña.

Para solicitar o servizo nos E.A.I. ou nas ludotecas, cando o/a responsable do/da menor ou o/a menor estean empadroados no municipio da Coruña, o/a menor estea cursando estudos nun centro de ensino domiciliado no municipio da Coruña ou cando o/a responsable do/da menor sea empregado/a público/a, traballador/a por conta propia ou allea, nun centro de traballo domiciliado no municipio da Coruña.

b) Solicitar o servizo, en razón dalgunha das casuísticas ou motivacións sinaladas conforme a cada unha das tres modalidades de atencións.

c) Non dispor doutro recurso axeitado, según informe motivado dos técnicos/as municipais.

d) Que o/a menor non requira coidados especiais que excedan da capacidade do servizo, según a valoración do persoal técnico municipal.

COMO DARSE DE ALTA

As/os solicitantes, como persoal responsabeis dos/das menores, deberán cumprimentar un formulario de **solicitude de alta no servizo** que se pode recoller no Rexistro Xeral do Concello da Coruña (nas sedes da praza de María Pita ou do Fórum Metropolitano), ou no CIM (Centro de Información ás Mulleres). Unha vez cumplimentado, entregárase xunto coa documentación requirida no Rexistro Xeral do Concello.

Unha vez aceptada esta solicitude de alta, para comezar a usar o servizo, deberase solicitar no CIM (Centro de Información ás Mulleres) a alta na modalidade que interese: Espazo de atención á infancia (modelo E), Atención á infancia a domicilio (modelo D), e Ludotecas (modelo L).

O Concello poderá establecer taxas ou prezos públicos pola prestación do servizo segundo os ingresos económicos e as características da unidade familiar. En tanto non sexan establecidos, o servizo é gratuito.

Co Servizo de Atención á Infancia para a Conciliación da Vida Laboral, Familiar e Persoal,
A CORUÑA ATENDE EN IGUALDADE

PARA SABER MAIS SOBRE ESTE SERVIZO, INFÓRMATE EN:

O Centro de Información ás Mulleres (CIM)

Barrio das Flores - Rúa Hortensias s/n, 15008, A Coruña
Teléfono: 981 184356 - Fax: 981 184357

A Concellaría de Igualdade e Participación Cidadá do Concello da Coruña

Praza de María Pita s/n, 15001, A Coruña
Teléfonos: 981 184309 - Fax: 981 184312
e-correo: igualdade@coruna.es

Teléfono de Información Municipal: 010